

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE SOUTOMAIOR
CURSO: 4º ESO
MATERIA: MÚSICA
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 12 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.	MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas posibilidades. MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación. MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.
B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.	MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo de creación musical.
B2.2. Expor de xeito oral e crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, obtendo información de diversas fontes: libros, publicidade, críticas, etc	MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada
B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais	MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado	MUB2.5.1. Avisa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música
B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.	MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medio de comunicación, etc.
B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conserva-la e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas	MUB3.1.1. Avisa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.
B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.	MUB3.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. MUB3.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos dunha maneira clara.
B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.	MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais

	MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.	MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación
B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía.	MUB4.5.1. Aposa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Os descritos na Programación Didáctica de referencia para a 1ª e 2ª avaliación. Para esta terceira avaliación, nesta circunstancia excepcional, realizaranse unha serie de actividades ou tarefas que reforcen, recuperen e afiancen os contidos xa impartidos na aula nas clases presenciais. Ao mesmo tempo, se facilitarán unhas actividades de ampliación de carácter voluntario.</p> <p>Instrumentos: os instrumentos utilizados serán:</p> <ul style="list-style-type: none">• o seguimento do alumnado e da realización das tarefas por correo electrónico.• tamén se utilizarán uns formularios online para realizar cuestións sobre os conceptos repasados.• os traballos (ben a ordenador ou escritos na libreta) que serán entregados a través do correo electrónico (ou de forma presencial no caso de ser alumnado NEAE ao que se lle facilitou dende o Departamento un “caderniño de reforzo”)
Cualificación final	<p>No caso de ter superadas as dúas avaliacións, Nos criterios de cualificación final estableceremos estas dúas posibilidades para facer a media:</p> <ul style="list-style-type: none">• Alumnado con traballo moi baixo ou sen traballo nesta 3ª avaliación, aplicarase este criterio: Nota media da 1ª e 2ª avaliación (50% e 50%)• Alumnado que traballou ben na 3ª avaliación, aplicarase este criterio: 45% a 1ª avaliación + 40% a 2ª avaliación + ata 1,5 según traballo realizado. <p>No caso de ter algunha avaliación suspensa, recuperarase coa entrega das actividades propostas ben realizadas e a media obterase igual que a anterior: media entre primeira e segunda.</p> <p>No caso de ter as dúas avaliacións suspensas, recuperará coa entrega total das tarefas, ben feitas e presentadas en boas condicións e en prazo.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A proba extraordinaria de setembro estará baseada nos contidos impartidos durante as clases presenciais da 1ª e da 2ª avaliación, e constará dunha proba escrita.</p> <p>O exame estará realizado en base a un caderniño de reforzo (baseado nos contidos e actividades impartidas nas clases presenciais do primeiro e segundo trimestre) que se lle facilitará ao alumnado no mes de xuño.</p> <p>O peso do exame escrito será dun 80% da nota, quedando o 20% restante pendente da entrega do caderniño de actividades. A realización correcta deste caderniño e a súa entrega serán o 20% da nota.</p> <p>Aprobarán a materia sempre e cando acaden un 5 (8 puntos do exame e 2 puntos do caderniño).</p>

Alumnado de materia pendiente	NON HAI ALUMNADO PENDENTE EN 4º ESO
--------------------------------------	-------------------------------------

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Todas as actividades estarán destinadas ao repaso, reforzo e recuperación, de ser necesaria, dos contidos explicados con anterioridade ao 13 de marzo. As actividades de ampliación terán carácter totalmente voluntario.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Tarefa de repaso: esta tarefa consistiu na realización dunha ficha sobre a tonalidade (conceptos xa explicados na aula) 2. Tarefa de ampliación: esta tarefa consistiu no visionado dun Power Point sobre “As mulleres ao longo da historia da música: Europa e Galicia”. Son contidos que pertencen a un Proxecto de Igualdade do Centro. 3. Tarefa de ampliación: consistía en copiar as 4 primeiras mulleres do Power Point e visualizar o vídeo explicativo realizado polo departamento no que se introducían as características formais de cada unha delas. 4. Tarefa de ampliación: realizar unha ficha de preguntas sobre estas catro mulleres e entregala a través do correo electrónico 5. Cuestionario online sobre as tarefas anteriores 6. Tarefa de repaso: cuestionario online nº 1 sobre os conceptos impartidos na primeira avaliación sobre a linguaxe musical 7. Tarefa de repaso: cuestionario online nº 2 sobre os conceptos impartidos na primeira avaliación sobre a linguaxe musical 8. Tarefa de repaso: cuestionario online nº 3 sobre os conceptos impartidos na primeira e na segunda avaliación sobre a linguaxe musical 9. Tarefa de repaso: cuestionario online nº 4 sobre os conceptos impartidos na primeira e na segunda avaliación sobre a linguaxe musical 10. Tarefas de ampliación: continuaremos coa explicación das mulleres máis representativas ao longo da historia da música occidental e galega. A metodoloxía será a grabación de varios vídeos explicativos a través do Power Point das principais mulleres, o seu visionado e a elección dunha delas para realizar un traballo. Estas actividades terán carácter voluntario.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía é para todos os cursos a mesma. Dende o departamento intentouse dende o primeiro momento poñerse en contacto a través do email con todo o alumnado. Para iso publicitouse na páxina web do instituto o medio de comunicación con todo o profesorado. Outra vía de comunicación estableceuse a través dos titores, que se puxeron en contacto coas familias para informar das instrucións do profesorado e do medio de contacto: páxina web, aulas virtuais, etc.</p> <p>Dende o departamento de Música, a metodoloxía foi diversa: explicacións</p>

	<p>a través de vídeos elaborados polo departamento, Power Points elaborados polo departamento, actividades para entregar de contidos xa explicados nas aulas, cuestionarios online a modo de “exames virtuais” elaborados polo departamento sobre contidos xa explicados en clase (de repaso, reforzo e afianzamento), enlaces a vídeos explicativos presentes nas redes, enlaces a vídeos musicais, etc</p> <ul style="list-style-type: none"> • O alumnado con conectividade ten acceso á folla de Excel na que, con carácter xeral, faise un resumo das actividades semanais. Ademais, na páxina web do Departamento, elabórase cada semana (o domingo) unha entrada de blogue no que se especifica as actividades por cursos e semanas e se adxunta o material necesario para a súa realización. • O alumnado sen conectividade: No instituto tratouse de identificar ao principio do confinamento ao alumnado nestas circunstancias e o Centro, coa colaboración do Concello, envíalle a casa as actividades impresas.
Materiais e recursos	Correos electrónicos, web do IES, blogue de Música, vídeos de Youtube, Google drive, apuntamentos xa proporcionados polo departamento a todo o alumnado, cuaderniños de reforzo para o alumnado NEAE, etc

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información será publicada na páxina web do centro, ademais de realizar avisos Abalar por parte da Dirección do centro, das titorías e do propio departamento.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.